



COMO INFLUÍR NAS DECISIÓNS POLÍTICAS QUE CHE AFECTAN

Esta infografía é unha ferramenta que che axudará a facer **escoitar a túa voz e influír nas decisións que toman as persoas adultas**, como nas Administracións públicas.

É froito do traballo que realizan os rapaces e rapazas que participan nos **Clubs da Escoita** dos centros educativos no marco do Proxecto Activa a Escoita 2023 promovido por Educo.



**ACTIVA
A ESCOITA**

Para influir necesitas: tres superpoderes

1

O superpoder de querer participar nunha cousa que che afecta

Hai algo que che gustaría cambiar da túa vida ou das cousas que che afectan? Talvez si, ou talvez non: ás veces podes sentirvos desmotivados/as aínda que penses que é importante participar...

Rapaces e rapazas [cóntannos](#) que é importante ter referentes que sexan coma vós, con todas as vosas diversidades, en quen poidades reflectirvos para inspiraros. Animámosvos a investigar para ver que cambios conseguiron outros rapaces e rapazas.



2

O superpoder de estar preparado/a para participar

Puideches ou vas poder prepararte para investigar e reflexionar con outros nenos e nenas sobre o que vos preocupa? [Rapaces e rapazas](#) din que antes de chegar ás institucións é importante prepararse para saber defender ideas ou propostas. Podes pedir que:

- Nas titorías do teu centro se fagan **assembleas para aprender a participar** e para que as túas ideas sexan tidas en conta na toma de decisións do centro.
- Na casa che falen de temas que che afectan e poidas **expresar libremente a túa opinión**
- Noutros espazos onde participes (grupos deportivos, colectivos artísticos, entidades sociais, mocidade...) hai diversas **opcións para aprender a participar** e para que as túas ideas sexan tidas en conta no funcionamento do grupo e nas actividades (assembleas, mesas redondas, enquisas, **activismo***, etc.)

3

O superpoder de saber que facer para que a túa voz se escoite

Sabedes a quen lle poderíades contar as propostas que teñades? É alguén con responsabilidade para cambiar o que vos preocupa? Se non tes moi claro a quen tes que dirixirte... convidámoste a que **elixas a porta correcta!**

Elixir a porta correcta: quen ten cada competencia

Para transformar o que che interesa, é importante saberes a quen dirixirte.

O poder para decidir sobre os temas que vos afectan distribúese en distintos niveis: é dicir, cada nivel de goberno ten competencias diferentes. Polo tanto, hai asuntos dos que se ocupa o Goberno central, outros dos que se ocupan comunidades autónomas e outras os concellos. Non existe unha receita universal para saber de que é responsable cada cal, pero si hai algunhas competencias que xeralmente pertencen a algún dos niveis. **Fai clic!**

Queres máis información?



Que queres transformar?

O que queres transformar está relacionado con...



Goberno central*

- Xustiza
- Traballo

Aquí os departamentos que se encargan de cada temática chámanse **ministerios**. [Nesta ligazón](#) podes acceder a unha lista cos diferentes ministerios e investigar cal ten a competencia que pretendes transformar.

Comunidades autónomas*

- Saúde
- Educación
- Medio ambiente
- Igualdade e diversidade
- Saúde mental
- Cultura
- Discapacidade

Aquí os departamentos que se encargan de cada tema chámanse **consellerías**. Na páxina web da túa comunidade autónoma podes saber que consellería ten a competencia que buscas.

Concellos*

- Transporte no teu barrio ou aldea
- Limpeza da contorna
- Lecer e deporte
- Parques e xardíns

Aquí os departamentos que se encargan de cada temática son as **concellarías ou áreas**. Na web do teu concello podes saber que concellería ten a competencia que buscas.

Cres que xa tes todos os superpoderes? Dá un paso máis!




*Estas son competencias orientativas que poden variar segundo o contexto.

Agora xa sabes quen pode que teña a competencia sobre o que che interesa transformar...Pero non te esquezas de informarte e confirmar as súas competencias na páxina web de cada institución!

Mapa de poder



Ademais de saber quen ten as competencias para cambiar algo, é interesante chegar ás institucións ou actores políticos* que máis poder teñen sobre o tema que se quere cambiar.



Como facer un mapa de poder*?

1 Identifica quen son os grupos que teñen interese no asunto que queres cambiar.

Ademais das Administracións a nivel municipal, autonómico ou estatal que toman decisións, pode haber outros actores implicados cos que poder aliarse:

- Líderes e partidos políticos a nivel municipal, autonómico ou estatal
- Empresas do sector privado
- As ONG, as asociacións veciñais ou de aldeas, os sindicatos...
- Movementos sociais (que actúan na rúa, en espazos comunitarios, nas redes sociais)
- *Influencers* nas redes sociais, blogueiros/as...
- Medios de comunicación



Imaxina que queres cambiar unha cuestión relativa ao comedor escolar. A ONG Educo pon en marcha un programa de bolsas de comedor e espazo de mediodía* e realiza labores de incidencia* neste tema. Se investigas e elaboras un mapa de poder sobre este tema, podes consultar todos os recursos que ofrece Educo e sumarte a algunha das súas campañas, como a petición de sinaturas para conseguir un comedor universal gratuíto.



2 Identifica os actores máis relevantes segundo o cambio concreto que buscas

Cales son os máis específicos? Unha determinada ONG, unha influencer oñecida, unha empresa?

3

Analiza o poder dos actores máis relevantes que identificases

Para iso, propoñémosche un esquema que se parece un pouco ao “xogo dos barquiños”. Sabes que xogo é? Convidámoste a que marques onde cres que se sitúa cada actor para ter unha visión gráfica que che axudará a reflexionar sobre con quen aliarse ou a quen dirixirte.



		NIVEL DE AFINIDADE* DO ACTOR CON RESPECTO Á TÚA PROPOSTA		
		Actor en contra	Actor neutral	Actor que quere o cambio
NIVEL DE INFLUENCIA DO ACTOR PARA LOGRAR CAMBIOS	Influencia alta			
	Influencia media			
	Influencia baixa			



Se tes varias persoas no teu mapa, poderías comezar a poñerte en contacto con aquela que teña máis influencia e poder na toma de decisións sobre este tema e ademais estas máis receptiva a poñer en marcha o cambio que propós. Os medios de comunicación poden ser axentes con capacidade para influír tamén na sociedade.



Velaquí algúns exemplos na túa contorna:

Imos enviarlle unha carta aos partidos políticos da nosa localidade!



Imos enviarlle unha instancia á consellaría de educación a través do rexistro electrónico*!



INSTANCIA XERAL

Apellidos: _____ Nome: _____
Domicilio: _____ Localidade: _____ Provincia: _____
C.P.: _____ Enderezo electrónico: _____
Teléfono: _____
D.N.I.: _____

EXPÓN:

SOLICITA:


Lugar: _____
Sinatura _____


Os datos que se recollen, tratándose ou arquivándose coa finalidade de dar resposta a solicitudes de información, serán utilizados para a realización de estudos e para a realización de actividades de carácter estatístico. Para calquera cuestión relacionada con esta política de privacidade, dirixirse ao Servizo de Protección de Datos de Galicia.


Imos solicitar unha audiencia* coa alcaldesa!





Podes chamar a estes teléfonos se queres ou precisas facer unha consulta ou unha proposta, ou poñer unha denuncia:

 **900202010 / 116111** teléfono/chat ANAR de axuda a nenos, nenas e adolescentes

 **900 018 018** teléfono contra o acoso escolar

 **900 20 30 41** teléfono contra a discriminación racista

 **016** teléfono de atención á violencia contra as mulleres

 **024** teléfono de atención á conduta suicida

E non vos esquezades de comunicar á sociedade as vosas accións!



Sabedes o que é un plan de comunicación*?

Á hora de comunicarse tamén se pode pensar en chegar (mencionándoos nas redes sociais, enviándolles un correo electrónico, etc.) aos medios de comunicación especializados na materia que traballaches.

Velaquí algúns recursos para comezar neste camiño:



Kit de Activistas da Campaña Mundial pola Educación

Guía para mozos e mozas activistas de Educo



Kit Activa a escoita de Educo

Glosario*

***Glosario:** recompilación das palabras dun documento que son difíciles de entender, explicadas co seu significado.

***Artivismo:** consiste en utilizar a arte e a creatividade para reivindicar, compartir e propoñer cambios sociais.

***Actores políticos:** persoas, organizacións ou institucións que teñen interese nunha cuestión política e intentan influír nela para conseguila

***Mapa de poder:** ferramenta tipo táboa que serve para ver graficamente quen é quen entre todos os actores políticos e se o que defenden se achega ou se opón á proposta que vos interesa a vós.

***Espazo de mediodía:** espazo de tempo comprendido entre o remate das clases matinais no centro educativo e o inicio das clases de tarde, no caso de existir horario partido. Ademais de reunirse para comer, é un espazo

educativo onde hai actividades, conflitos... e posibilidades de cambio!

***Incidencia:** accións destinadas a influír ou ter efectos sobre algunha cuestión. No caso da incidencia política, trátase de planificar accións que sirvan para promover determinados cambios políticos ou incidir sobre eles.

***Nivel de afinidade:** grao no que algún actor político pensa coma vós, ou o que defende se achega máis (máis afinidade) ou menos (menos afinidade) ao que vós defendedes.


***Público:** acto no que un representante dunha institución vos recibe para conversar e para que trasladades peticións ou reivindicacións.

***Rexistro electrónico:** sistema dixital utilizado para presentar solicitudes, escritos ou comunicacións dirixidas á Administración pública.

***Plan de comunicación:** documento ou esquema onde podedes presentar a estratexia que pretendedes seguir para comunicar as vosas ideas, propostas ou logros ao público ou públicos que vos interesa(n).



Mozos e Mozas activistas fanse escoitar



Greta Thunberg
(Suecia)



Licypriya Kangujam
(India)



Vanessa Nakate
(Uganda)



Amika George
(Reino Unido)



Payal Jangid
(India)



Melati e Isabel
Wijsen (Bali)



Emma González
(EEUU)



Autum Peltier
(Canadá)



Zulaikha Patel
(Sudáfrica)



Jazz Jennings
(EEUU)



Marley Dias
(EEUU)



Sonita Alizadeh
(Afganistán)



Ahed Tamimi
(Palestina)



Activistas de Plena inclusión



INSTANCIA XERAL

Apelidos: _____ Nome: _____
Domicilio: _____
C.P.: _____ Localidade: _____ Provincia: _____
Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____
D.N.I.: _____

EXPÓN:

Empty rounded rectangular box for the EXPÓN section.

SOLICITA:

Empty rounded rectangular box for the SOLICITA section.

Lugar: _____ Data: _____

Sinatura

Os datos que se recollen, trataráanse ou arquivaríanse co consentimento do cidadán, quen ten dereito a decidir quen pode ter os seus datos, para que os usa, solicitar que os mesmos sexan exactos e que se utilicen para o fin que se recollen, coas excepcións contempladas na lexislación vixente. Para calqueira cuestión relacionada con esta materia pode dirixirse ao teléfono de información 012.